



Guía Docente			
Datos Identificativos			2023/24
Asignatura (*)	Literatura, Cultura e Sociedade	Código	613584103
Titulación			
Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria
Idioma	CastelánGalegoPortugués		
Modalidade docente	Presencial		
Prerrequisitos			
Departamento	Letras		
Coordinación	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es
Profesorado	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es
Web	https://www.udc.gal/gl/filo/MLCD/		
Descripción xeral	Aproximación das relacións entre literatura, cultura e sociedade, prestando especial atención ás escolas teórico-críticas que parten de postulados sociolóxicos, sistémicos e/ou de base marxista		

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes	AM1 AM7		
Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural, en especial nos ámbitos hispánico e galego-portugués.	AM2	CM2 CM4	
Entender a literatura en relación con outros campos culturais e utilizar ferramentas e tecnoloxías apropiadas para o seu estudio	AM2 AI3	BP1 BP3 BP5	CM5
Analizar e interpretar tanto textos como mecanismos e procesos de comunicación aplicando diferentes modelos teóricos.	AM5 AP1		
Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.	AM4 AM9		
Asumir a importancia e os beneficios sociais da aprendizaxe, e coñecer os medios para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.		BP2 BP4 BP8	
Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas en entornos novos de forma efectiva, aplicando os coñecementos e habilidades desenvolvidos en contextos interdisciplinares.			CM1 CM6
Desenvolver habilidades de xestión da información, de capacidade de síntese, análise e pensamento crítico relacionadas cos propósitos académicos e o desenvolvemento e a creación dun perfil investigador			CI1 CI3
Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma		BP7	
Saber utilizar e crear indicadores cualitativos e cuantitativos, incluíndo as estatísticas, para coñecer mellor as desigualdades de xénero e as diferenzas en necesidades, condicións, valores e aspiracións de mulleres e homes.		BP2	CM3 CM4
Coñecer e valorizar a diversidade cultural. Entender a importancia de comprender e erradicar as desigualdades	AM6		CM3

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Da Literatura para a Cultura	1.1. Cuestións xerais, históricas e metodológicas 1.2. Procesos de canonización e construcción do coñecemento



2. Teorías sistémicas e sociolóxicas	2.1. Os sistemas culturais (Itamar Even-Zohar) 2.2. Os campos culturais (Pierre Bourdieu) 2.3. As teorias empíricas de base sociolóxica para a análise da cultura
3. Métodos e ferramentas para a análise da cultura	3.1. Análises cuantitativas e cualitativas de base empírica: Bases de dados 3.2. Métodos de análise e representación: Análise de Redes Sociais
4. Planificación cultural e mudanza social	4.1. Obxectivos e resultados dos estudos na cultura 4.2. Aplicacións socioeconómicas e profisionais: Estudos de caso

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A4 A6 A7 B6 B11 C4 C5	1	1	2
Discusión dirixida	A2 A5 A6 B5 C3 C6	4	15	19
Traballos tutelados	A14 A9 B4 B7 B8 C1 C2	2	10	12
Lecturas	A10 C7	1	20	21
Prácticas a través de TIC	A2	1	1	2
Glosario	A7 A9 C5	2	2	4
Seminario	B10 C9	4	10	14
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o estudiantado atinxir as competencias e destrezas previstas no seminario.
Discusión dirixida	Presentación polo profesor ou por estudiantes dunha serie de casos teórico-práticos para a súa análise conxunta e colaborativa ao longo das sesións presenciais.
Traballos tutelados	Realización de abordaxens concretas relacionadas cos asuntos focados na materia. Estes traballos poderán ser realizados de maneira individual ou colectiva (de acordo coa planificación realizada polo profesor no inicio das sesións).
Lecturas	Realización dunha serie de lecturas breves (artigos ou capítulos de libro) previamente seleccionadas polo docente e relacionadas directamente cos contidos abordados na materia.
Prácticas a través de TIC	Aplicación e teste das TIC aos estudos na cultura.
Glosario	Apresentación e discusión colaborativa de conceitos fundamentais para o entendimento das varias ferramentas teórico-metodolóxicas focadas na materia.
Seminario	Traballo en grupo a partir da exposición oral ao conxunto da turma das lecturas atribuídas polo profesor no inicio das sesións ou, eventualmente, dos resultados dalgún dos traballos tutorizados. Durante os seminarios, o alumnado utilizará os recursos tecnolóxicos e metodolóxicos precisos ao efecto e demostrará a asunción e a aplicación práctica dos contelúdos, destrezas e competencias abordados na materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción



Traballos tutelados	Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsable pola materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do(s) Traballo(s)
Lecturas	Tutorizado(s), das Lecturas e dos seminarios. De maneira xeral, recomendase que cada estudiante asista polo menos a unha sesión de atendimento previa á realización das abordaxes atribuídas.
Seminario	<p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o estudiantado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudiante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento da materia, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está especialmente contemplada para estudiantes a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudiantado matriculado para se examinar na convocatoria de decembro e para o procedente de fóra do espazo académico europeu.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Traballos tutelados	A14 A9 B4 B7 B8 C1 C2	Serán avaliados os conteúdos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe en relación á consecución dos obxectivos procurados na materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a capacidade para a aprendizaxe autónoma e/ou o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para estas actividades.	60
Lecturas	A10 C7	Para alén da eventual presentación oral dalgunha das lecturas propostas, será avaliado o nivel de análise e comprensión das restantes lecturas demostrado no tránsito das outras presentacións, nos seminarios e nas discusións dirixidas.	30
Seminario	B10 C9	Será avaliada fundamentalmente a comprensión e o dominio dos conteúdos apresentados e comentados, así como a utilidade da discusión para os propósitos da materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas intervencións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñible e a eventual elaboración e utilización dos recursos tecnolóxicos.	10

Observacións avaliación



A

avaliación da materia será feita de forma continua na primeira oportunidade. Nela serán levados en conta non apenas os elementos referidos no lugar correspondente deste guía mais tamén, de xeito transversal, as competencias lingüísticas, argumentativas e para a aprendizaxe colaborativa demostradas ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

Todas

as actividades deberán ser realizadas e entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará no Campus Virtual. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Se

houver criterios específicos de avaliação para alguma das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesorado responsable pola materia através do Campus Virtual e/ou expostos na sala de aulas. O persoal docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

Todas

as actividades ou probas deberán cumplir unhas exixencias mínimas de formato y corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que figuran no documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués en 6/7/2018 e publicado no Campus Virtual).

Calquera

falta de honradez académica (plaxio, utilización de textos ou ideas dotras autorías sen indicar a procedencia, copia en tarefas, traballos ou outras variábeis destas características)

será penalizada de acordo coa normativa vixente na UDC. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo/a mesmo/a estudiante. En caso de se verificar falta de honradez académica, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4). No xeral, a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

As

pessoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada na primeira oportunidade deberán concorrer á oportunidade de xullo. Para superar a materia nesta segunda oportunidade, o alumnado terá de realizar o exame (5 valores) na data marcada ao efecto pola Facultade de Filoloxía e aquelas lecturas ou traballos tutelados (5 valores) que lle foren encomendados.

O

estudantado a tempo parcial ou con dispensa académica deberá realizar un exame (5 valores) nas datas marcadas ao efecto pola Facultade de Filoloxía e entregar nunha data previamente concertada co docente aquelas lecturas ou traballos tutelados (5 valores) que lle foren encomendados. Se non puder asistir ao atendimento, este alumnado deberá pórse en contacto co profesorado a través do correo electrónico no inicio do curso. Aquel alumnado que certifique imposibilidade de asistir ás aulas debe tamén contactar co profesorado da materia o máis rapidamente posible desde que esta circunstancia se producir.

O

alumnado que se apresentar á convocatoria adiantada de decembro terá de contactar previamente co docente responsable pola materia e, para a superar, terá de realizar un exame (5 valores) na data marcada ao efecto pola Facultade de Filoloxía e aquelas lecturas ou traballos tutelados (5 valores) que lle foren encomendados.

Será

considerado Non Presentado aquel/a estudiante que non entregue
ningunha das actividades previstas neste guía ou non se presente
ao exame na oportunidade correspondente.

A

materia pode ser adaptada para estudiantes que precisen a adopción
de medidas voltadas ao apoio á diversidade
(física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada
coa saúde mental). Se necesario, é posíbel entrar en contacto cos
servizos disponíveis na UDC/ no Centro: coa Unidade de Atención á
Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>) dentro dos
prazos oficiais estipulados con antecedencia de cada trimestre
académico; caso contrario, coa Tutora ADI da Facultade de Filoloxía
(no e-mail: pat.filoloxia@udc.gal).

De

acordo co recollido nas diferentes normativas de aplicación para a
docencia universitaria, esta materia incorpora a perspectiva
de xénero
nos seus contidos e organización. Será usada
linguaxe inclusiva e prestarase atención á inclusión de
bibliografía producida por persoas de diferentes identidades de
xénero. Evitarase a discriminación por motivos de xénero na
participación do alumnado en todos os procesos de ensino e
aprendizaxe. Serán fomentados os valores do respecto e da
igualdade, e non será aceptadas nin a reproducción de prejuízos
nin as actitudes discriminatorias. Se foren identificadas situacións
de discriminación por razón de xénero, serán propostas accións
e medidas concretas para as corrixir.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Bourdieu, Pierre (1991). ?Le champ littéraire. Avant propos?. ctes de la Recherche en sciences sociales, nº 89, pp. 3-46- Bourdieu, Pierre (1992). Les règles de l?art. Genèse et structure du champ littéraire. Paris: Éditions du Seuil- Bourdieu, Pierre (1985). La distinction: critique sociale du jugement. Paris: Éditions de Minuit- Casas, Arturo (2002). ?A Teoría crítica da cultura e a planificación dos estudos socioculturais (para ler González-Millán)? . Anuario de estudios literarios galegos, 29-38- Casas, Arturo (2007). ?Xoán González-Millán: itinerarios teóricos?. Helena González Fernández & María Xesús Lama (eds.), Actas do VII Congreso Internacional de- Castells, Miguel (2003). La era de la información. El poder de la Identidad. Madrid: Alianza Editorial- Figueiroa, Antón (2001). Nación, literatura, identidade: comunicación literaria e campos sociais en Galicia. Vigo: Ediciones Xerais de Galicia- Figueiroa, A. & González-Millán, X. (1997). Communication littéraire et culture en Galice. Paris: L'Harmattan- Fowler, B. (1997). Pierre Bourdieu and Cultural Theory. Critical Investigation. London: Sage- González-Millán, X. (2000). Resistencia cultural e diferencia histórica: a experiência da subalternidade. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco- Even-Zohar, Itamar (2007). Polisistemas de cultura. Tel Aviv: Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesible en http://www.tau.ac.il/~itamarez/)- Even-Zohar, Itamar (2010). Papers in Culture Research. Tel Aviv: Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesible en http://www.tau.ac.il/~itamarez/)- Lamont, M. & Fournier, M. (1992). Cultivating Differences. Symbolic Boundaries and the Making of Inequality. Chicago and London: The University of Chicago Press- Lourido Hermida, Isaac (2011). As alternativas sistémicas da Historia literaria en situación de conflito cultural. Desenvolvimentos teóricos e modelos de renovación nos casos galego e quebequense. Departamento de Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral, Universidade de Santiago de Compostela- Nooy, W. de (2005). ?Culture in networks?. The Collection and Analysis of Network Data. Summer School of the Quantitative Methods, the Social Sciences- Pageaux, D. H. (2007). Littératures et Cultures en dialogue. Paris: L'Harmattan- Rees, C. van (1983). ?Advances in the Empirical Sociology of Literature and the Arts: The Institutional Approach?. Poetics 12, 285-310- Samartim, Roberto L.I. (2010). O processo de construção do sistema literário galego entre o franquismo e a transição (1974-1978): margens, relações, estrutura e estratégias de planificação cultural. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC- Sapiro, G. (2007). ?Pour une approche sociologique des relations entre littérature et idéologie?. COnTEXTES 2 (acesible en http://contextes.revues.org/index165.html)- Sela-Sheffy, R. (2002). ?Canon Formation Revisited: Canon and Cultural Production?. Neohelicon XXIX(2), 141-159- Tarrío Varela, Anxo e Abuín González, Anxo (eds.) (2004). Bases metodológicas para una historia comparada das literaturas da Península Ibérica. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC- Thiesse, A. (1999). La Crédit des identités nationales: Europe XVIIIe XXe siècle. Paris: Éditions du Seuil- Torres Feijó, Elias J. (2004). ?Roma locuta causa finita? Sobre docência e crítica da literatura e da cultura?. Aurora Marco et al. (eds.), Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctica- Lotman, Iuri M. (1996). La Semiosfera. [vol.I : Semiótica de la cultura y del texto -- Vol. II : Semiótica de la cultura, del texto, de la conducta y del espacio -- Vol. III : Semiótica de las artes y de la cultura]. Madrid: Cátedra- Williams, Raymond (1994). Sociología de la Cultura. Barcelona: Paidós Ibérica- Williams, Raymond (1997). Marxismo y literatura. Barcelona: Ediciones Península <p>Outras referencias bibliográficas relativas á materia podrán constar no documento de planificación do seminario ou directamente ser disponibilizadas através do Campus Virtual.</p>
---------------------	---



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Anderson, B. (1983). <i>Imagined Communities. Reflections on the Origin and Spread of Nationalism</i>. London: Verso- Bassel, N. (1991). ?National Literature and Interliterary System?. <i>Poetics Today</i> 12(4), 773-780- Bertalanffy, L. von (1993). <i>Teoría general de los sistemas: fundamentos, desarrollo, aplicaciones</i>. Madrid: Fondo de Cultura Económica- Dias, Ângela Maria (org.) (1999). <i>A Missão e o Grande Show. Políticas culturais no Brasil dos anos 60 e depois</i>. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro- Gramsci, Antonio (2001). <i>Cadernos do Cárcere</i>. Rio de Janeiro: Civilização Brasileira- Hohendahl, P. H. (1989). <i>Building a National Literature. The Case of Germany, 1830-1870</i>. Cornell University Press: Ithaca and London- Jusdanis, G. (1991). <i>Belated modernity and aesthetic culture: inventing national literature</i>. Minneapolis: University of Minnesota Press- Kiberd, D. (1995). <i>Inventing Ireland</i>. Jonathan Cape: London- Lemieux, V. & Ouimet, M. (2004). <i>L'analyse structurale des réseaux sociaux</i>. Laval (Quebec): Les Presses de l'Université de Laval- Mc Crone, David (et al) (1995). <i>Scotland ? the Brand: The making of Scottish Heritage</i>. Edinburgh: Edinburgh University Press- Moretti, F. (2005). <i>Graphs, Maps, Trees: Abstract Models for a Literary History</i>. London: Verso- Pécaut, Daniel (1990). <i>Os intelectuais e a política no Brasil: entre o povo e a nação</i>. São Paulo: Ática- Rodríguez, J. A. (2005). ?Análisis estructural y de Redes?. <i>Cuadernos Metodológicos</i> 16- Samartim, Roberto L.I. (2003). ?A Pré-história do Campo Literário?. <i>A Dona do Tempo Antigo. Mulher e campo literário no Renascimento português (1495-1557)</i>, Santiago de- Santos, Monserrat Iglesias (ed.) (1999). <i>Teoría de los Polisistemas</i>. Madrid: Arco/Libros- Sela-Sheffy, R. (1990). ?The Concept of Canonicity in Polysystem Theory?. <i>Poetics Today</i> 11(3), 511-522- Sela-Sheffy, R. (1997). ?Models and Habituses as Hypotheses in Culture Analysis?. <i>Canadian Review of Comparative Literature / Revue Canadienne de Littérature Comparée</i> XXIV(1), 35-47- Sullà, E. (ed.) (1998). <i>El Canon Literario</i>. Madrid: Arco/Libros- Taibo, Carlos (ed.) (2007). <i>Nacionalismo español: esencias, memoria e instituciones</i>. Madrid: Los Libros de la Catarata- Tato Fontaiña, Laura; Tavares Maleval, M. do Amparo (eds.) (2010). <i>Estudos galego brasileiros 3: lingua, literatura, identidade</i>. Rio de Janeiro / Coruña: UERJ / Universidade da Coruña- Torres Feijó, E. J. (2004). ?Potencialidades na indústria de ideias na Galiza actual para o relacionamento galego-luso-afro-brasileiro?. [Actas do] VIII Congresso Luso Afro Brasileiro de Ciências Sociais, Coimbra: Centro de Estudos Socia- Velázquez Álvarez, A. & Aguilar Gallegos, N. (2005). <i>Manual Introductorio al Análisis de Redes Sociales. Medidas de Centralidad. Ejemplos prácticos con UCINET 6.85 y NETDRAW 1.48</i>. Universidad Bolivariana de Chile: Santiago de Chile
-----------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para poder acompañar correctamente o seminario será preciso ter o nível suficiente (recoméndase un mínimo equivalente ao nível B2 do Cadro Europeu) de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, nas línguas de uso na materia. Todas as cuestiós non contempladas explicitamente neste guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento do seminario serán resolvidas polo profesor no seu horario de atendimento, nas sesiós presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente deste documento.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías